

CONVENIO DE COLABORACIÓN

CONCELLO DE
PONTEAREAS

E

ASOCIACIÓN
SOLIDARIEDADE
GALEGA
CO POBO SAHARAUI



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEAREAS E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ

REUNIDAS:

Dunha parte, dona Maite Isla Avión, con DNI 35.544.300-P, en calidade de Presidenta da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, con CIF G-15924558.

Doutra parte, dona M. Cristina Fernández Davila, en calidade de Alcaldesa-Presidenta do Ilmo. Concello de Ponteareas

INTERVEÑEN:

En nome e representación das súas respectivas institucións e recoñécense mútua e reciprocamente capacidade para obrigarse a subscribir o presente Convenio de colaboración entre ambas as entidades.

EXPOÑEN:

“PROGRAMA VACACIÓNS EN PAZ 2022 NO CONCELLO DE PONTEAREAS”

As Vacacións en Paz preséntanse nun marco de solidariedade e axuda desinteresada co fin de propiciarlles unha estancia agradable e humanamente rica aos nenos e nenas Saharauís. Este programa da a coñecer formas distintas de vida, de maneira que iso contribúa, non só na súa formación, senón tamén en mellorar e potenciar a comunicación e o entendemento entre o Noso Pobo e o Pobo Saharauí.



A vida destes nenos e nenas, nados no exilio, transcorre nas mesmas circunstancias como o resto da poboación saharai, privada do mais elemental e sobrevive dificilmente grazas á axuda internacional.

Dende o punto de vista afectivo, España representa algo especial para os saharais polos lazos históricos, culturais e humanos. De feito, os Saharais pertencen á comunidade de hispano-falantes e aínda conservan con esmero o español como segundo idioma.

OBXETIVO XERAL OU DE DESENVOLVEMENTO:

Trasladar a nenos/as saharais, procedentes dos campamentos de refuxiados saharais en Tindouf (Alxeria), para pasar dous meses de verán acollidos por familias do Concello de Ponteareas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICO DO PROXECTO:

- Reivindicar o dereito dos nenos e nenas Saharauís a vivir no Sáhara Occidental e poñer de manifesto a situación na que actualmente viven.
- Facilitar asistencia médica e de alimentación.
- Promover, entre a sociedade galega, os valores de tolerancia e solidariedade facilitando así a convivencia e integración de todas as persoas na comunidade.
- Perfeccionar a aprendizaxe da lingua castelán e galega que estudan nos seus programas escolares.
- Respetar o marco legal dos dereitos dos menores, tendo en conta que xa teñen a súa familia no seu país coa que teñen que volver o remate das vacacións.
- Garantir o regreso ao seu país coas súas familias.
- Ofertar unha alternativa de ocio e tempo libre.
- Evitar a súa estancia nos campamentos durante os meses de xullo e agosto por estar a temperaturas máis altas (máis de 50º á sombra).

Tendo en conta:

Primeiro: Que o presente convenio ten por obxecto regular o desenvolvemento do "PROGRAMA VACACIÓNS EN PAZ 2022 NO CONCELLO DE PONTEAREAS".



Segundo: Que o Concello de Ponteareas responsabilizárase de:

- Aporte económico para os billetes dos menores que serán acollidos no Concello de PONTEAREAS.

Terceiro: Que a Asociación Solidariedade co Pobo Saharaui responsabilizárase de:

- Facer un seguimento exhaustivo do proxecto coa Delegación Saharauí para Galicia para que todos os compromisos se cumpran.

ACORDAN:

PRIMEIRO: Establecer o presente Convenio de colaboración entre o Concello de Ponteareas e a Asociación Solidaria co Pobo Saharaui, en orde a unha mellor coordinación do programa presente e futuros que se desenvolverán.

SEGUNDO: As partes comprométese a manter entre sí un fluído intercambio de información en todos aqueles aspectos que sexan relevantes.

TERCEIRO: O ámbito de colaboración está orientado preferentemente ao seguinte campo de actuación:

Apoiar o “PROGRAMA VACACIÓNS EN PAZ 2022 NO CONCELLO DE PONTEAREAS”

CUARTO: A contribución económica por parte do Concello de Ponteareas para o proxecto “PROGRAMA VACACIÓNS EN PAZ 2022 NO CONCELLO DE PONTEAREAS”, e así colaborar en sufragar os gastos derivados da súa execución, será de **6000 euros** na conta de A BANCA ES40 2080 5056 13 3040034374.

QUINTO: A Asociación Galega co Pobo Saharauí debe presentar declaración responsable das axudas solicitadas para o mesmo fin e xustificar posteriormente o total do recibido.



SEXTO: O prazo para presentar a xustificación remata o 30 de outubro de 2022.

SÉTIMO: A vixencia deste convenio rematará o 30 de decembro de 2022.

Este documento producirá efecto dende a data da sinatura.

En proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio en:

Ponteareas, 10 de outubro de 2022

Asdo.: D^a Maite Isla Avi3n
Presidenta de SOGAPS

Asdo.: Dna. M. Cristina Fern3ndez Davila
Alcaldesa do Concello de Ponteareas

Documento asinado electr3nicamente

